

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE**

### **MARZO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López e dona María Jesús Vieites Mariñas, concelleiros non adscritos.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2011**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2011.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

#### **2º Proposta de aprobación da Conta Xeral do exercicio 2009**

Vista a proposta de Alcaldía de data 25 de marzo de 2011.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier manifesta que se recibiu un escrito do Consello de Contas no que se di que se ten por non presentada a Conta Xeral do Concello de Cambre, e esa é a razón de que sexa necesario que o pleno dea a súa conformidade, trátase dun acto esencial para a súa fiscalización polos órganos de control externo. Non se require a conformidade coas actuacións reflectidas na Conta,

nin xera responsabilidade ningunha pola súa razón.

Reitera que o escrito que envía o Consello de Contas indica que dan a Conta como non presentada, como non recibida, e esa é a razón de que se volva a traer este tema.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el supón que é conveniente aclarar unhas cantas cousas, primeiro, que isto xa veu ao pleno recentemente e non foi aprobado, a oposición votou en contra destas contas, e agora volven traelas porque lles din que o Consello de Contas mandou unha carta onde din que non foron presentadas, e iso non é correcto, o Consello de Contas, en todo caso, dirá que non foron rendidas porque non foron aprobadas polo pleno, pero presentadas si foron.

Ten que dicir que cando o equipo de goberno manifesta que se a oposición non aproba as contas se perden subvencións, iso tamén é unha mentira, unha vez máis unha mentira, tratan de botarlle a súa responsabilidade á oposición. Unha vez que as contas son presentadas no Consello de Contas, xa non hai risco de perder ningún tipo de subvención, o que aquí hai é outro tipo de riscos, que xa afectan ao equipo de goberno exclusivamente.

O Consello de Contas audita aos concellos e a outros organismos da comunidade autónoma, e fíxase nos concellos por tres razóns, que son o número de contas non rendidas nos últimos 10 anos, a antigüidade das contas non rendidas, sendo de maior puntuación as máis próximas ao exercicio actual e, por suposto, as fiscalizacións que xa fixeran en exercicios anteriores. O Concello de Cambre presentou fóra de prazo as contas dos anos 2006, 2007, 2008 e 2009, porque tampouco tiveron a maioría no pleno. Ao equipo de goberno o que lle preocupa non é a perda das subvencións, o que lle preocupa é que ao Consello de Contas fáltalle moi pouco para fixar Cambre como un obxectivo para auditar. O PP si que quere que o Consello de Contas audite Cambre.

Di que fan tres tipos de auditoría, e unha delas é a que lles interesa especialmente, a que se chama auditoría de legalidade, iso significa que o Consello de Contas fai unha revisión do cumprimento da normativa aplicable nas áreas de orzamento, ingresos de dereito público, endebedamento, operacións financeiras, persoal, contratación de obras e servizos, subministracións, e concesións de subvencións.

Neste salón de plenos o PP o dixo claramente en moitas ocasións. Eles querían facer unha auditoría nesta lexislatura e o equipo de goberno fixo todo o posible para que non se fixera. Queren que se faga unha auditoría de legalidade, porque lles preocupa moito, e xa o dixeron en repetidas ocasións, como se fan as contratacións, por exemplo de persoal, e non sabe se é necesario lembrar aquí o que pasou coa contratación de 5 auxiliares administrativos, ou como contrataron o Plan E, que case todo foi contratado por ese sistema que tanto lles gusta, que é pedir tres orzamentos e decidirse polo que máis lles convén. Por todo isto o PP quere que se faga a auditoría en Cambre, e non poden votar a prol destas contas, porque poden recordarlles que hai máis de 2 millóns

de euros con reparos de Intervención. E tampouco queren que se confundan, porque unha cousa é que o PP vote en contra das súas contas e outra cousa é que estean votando algo para que se perdan subvencións. Di que fixeron as xestións necesarias, e non hai ningún risco, ningún, de que se perda ningún tipo de subvención unha vez presentadas as contas, outra cousa é como son esas contas, que iso si que queren que se revise.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a el, en primeiro lugar, gustaríalle que por parte de Intervención se explicara que é o que pode supoñer o non envío das contas, e cal é o paso a seguir a partir de agora se non se aproban. Por outra parte seguen manifestando o que dixeron anteriormente, que para eles abundan suficientes motivos como para non aprobar a conta, hai 117 informes de reparos feitos pola Intervención municipal, que supoñían cerca de 2 millóns de euros sen xustificar, pero o seu grupo o que si quere é que o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, fiscalicen as contas de Cambre, e se a aprobación neste pleno é esencial para que se remitan a estes dous organismos, eles van estar a prol e vanse abster, porque o que queren é que as contas de Cambre sexan auditadas polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas. Pide que primeiro lle clarifique a interventora que pode ocorrer se non se presentan, porque o seu grupo está disposto a que eses dous organismos fiscalicen, como é preceptivo, para que poidan reclamar todos cantos reparos puxo a Intervención aquí no Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el xa se tiña abstido na anterior votación e despois de ter visto os informes emitidos, vai manter o seu voto, xa que non é vinculante, e pode verse que a aprobación non implica ningún risco respecto de todos eses datos que leva, todos eses reparos da Intervención municipal.

Conclúe dicindo que vai manter a súa abstención, como fixo no pasado pleno, para non obstaculizar que isto siga o seu curso.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que non van contar co seu voto para xustificar o inxustificable, e pídelles que, se o fixeron mal, que o asuman, e que non os chantaxeen con que Cambre vai quedar sen subvencións, porque se Cambre queda sen subvencións débese unicamente á propia incapacidade política e de xestión e non o labor de control que efectúa a oposición municipal. Se Cambre se queda sen subvencións, que por certo se perden con demasiada frecuencia, é unha vez máis pola súa absoluta irresponsabilidade, e confía en que pronto outro goberno ocupe o seu lugar e outra xestión, máis limpa e transparente, permita que Cambre poida optar a todas as subvencións ás que ten dereito.

Coa aprobación da Conta Xeral pretenden, como xa dixo, que aproben un ano máis a maquillaxe das cifras da liquidación do orzamento, para negar o que xa resulta evidente para calquera observador imparcial, e que é que a ineficacia da xestión financeira e orzamentaria deste goberno local ten sido sempre cada vez maior, tanto na xestión dos ingresos orzamentarios, que son lamentablemente irrealizables, ano tras ano, como na

execución dos compromisos de gastos que se revelan como un mero instrumento de propaganda na presentación do orzamento de cada exercicio. Na súa opinión, para o equipo de goberno o seu obxectivo é estar aí onde están, e seguir aí custe o que custe e á forza do que sexa.

Di que sabe que no fondo o equipo de goberno non se vai estrañar de que vaia votar en contra deste atropelo á razón e á sensatez. Visto o visto ata aquí, non é posible honestamente aprobar esas contas, e menos aínda cando non se ten feito esforzo ningún por solucionar as irregularidades que se expuxeron na sesión plenaria anterior, e que, ademais, están minuciosamente recollidas nos informes da Intervención municipal.

Conclúe dicíndolles que alá eles coa súa responsabilidade, pero que o seu voto vai ser negativo.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, manifesta que o seu voto vai ser favorable pola sinxela razón de que aquí se está dicindo que queren que se auditen as contas, e para iso primeiro ten que ser aprobada a Conta Xeral en pleno, para que os órganos superiores, Consello de Contas e Tribunal de Contas, poidan fiscalizar as contas. Pensa que está todo moi ben explicado, cos reparos de Intervención e, por tanto, o seu voto vai ser a prol, xa que quere que sexa fiscalizado polos órganos superiores antes citados.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro non adscrito, manifesta que quere ler un parágrafo moi pequeno dun escrito, é breve, trátase dunha nota que di: “O Consello de Contas de Galicia acaba de remitir ao concello un informe sobre a situación das contas que veñen a confirmar, en contra do que mantiñan os partidos da oposición, que a non aprobación das contas por parte do pleno podería carrexar problemas de cara ao futuro do propio concello, debido a que o Consello de Contas as ía considerar non rendidas. Esta mesma advertencia foi realizada pola propia interventora municipal na Comisión de Contas, pero foi pasada por alto de forma totalmente irresponsable por parte dos grupos da oposición. O informe remitido polo Consello de Contas....., etc., etc., etc.”. Di que esta nota non está asinada por ninguén do Concello de Cambre, aínda que hai unha serie de coincidencias, está asinada por unha alcaldesa do PP ben próxima, que é a alcaldesa de Betanzos, que estivo nunha situación similar hai exactamente un mes. A oposición non quixo aprobar a conta rendida no pleno pola Intervención municipal e atopouse co mesmo problema. O PP nun concello limítrofe con Cambre di unha cousa e aquí vén a contar outra.

Di que as contas foron rendidas, o que non foron é aprobadas, o pleno non as tomou en consideración. Nas convocatorias de subvencións, e cre que no expediente que todos os concelleiros teñen no seu poder figuran unha serie delas que xa se presentaron no mes de decembro, e ao longo dos meses de xaneiro, febreiro e marzo deste ano, unha das cláusulas que esixe a Xunta de Galicia na documentación que hai que cumprimentar é a certificación da rendición da Conta Xeral última, que neste caso se corresponde coa do ano 2009. El non sabe se a van ter en conta ou non á hora de eliminar peticións, se cadra

non o fan, pero en principio é unha das cláusulas que esixen na documentación a presentar polas entidades locais nas solicitudes de subvención, iso vén aí, na lei, se logo non o teñen en conta, se cadra non teñen en conta iso nin teñen en conta outras cláusulas, como documentación, certificación de que os terreos son de titularidade municipal, ou de que contan con fondos propios para cubrir a parte non subvencionada da obra ou intervención para a que piden subvención. Di que non sabe, que se cadra agora a Xunta toleou e todas esas cousas que esixe nas convocatorias de subvencións, agora non as pide. Unha delas é esta, supón que o grupo municipal do PP ten fío directo co PP na Xunta de Galicia, e pode preguntarlles que van facer, pero, en todo caso, é unha esixencia para todos, en concorrència competitiva para todos os concellos de Galicia que se presentan ás subvencións. Se é risco ou non é risco, a Xunta o dirá, pero en principio, teoricamente, hai ese risco.

Continúa dicindo que el realmente queda alucinado co feito de que o goberno municipal presente a auditoría interna que fai a Intervención municipal ao pleno, das contas municipais do ano 2009, precisamente para cumprir un trámite que marca a lei, que é facer esa auditoría interna, presentala ao pleno para remitila ao Consello de Contas, para que se faga unha auditoría oficial externa, e a oposición colle e o bloquea. Ademais, durante varios anos, non é de este ano só, se leva informado por activa e por pasiva que hai unha Instrución, cre que do ano 2003, que aclara perfectamente que o voto á Conta Xeral non implica a aceptación ou acordo coa xestión económica que teña levado a cabo o goberno, senón que é o voto favorable, simplemente, á recepción desa conta por parte da Intervención municipal no pleno para podela remitir. Non implica ningún tipo de responsabilidade, cousa, que polo contrario, co voto negativo da maioría, como ocorreu a outra vez, si que implica responsabilidade, porque se paraliza, precisamente, un proceso de transparencia e de fiscalización. Este goberno quere que se leve, que vaia ao Consello de Contas a Santiago para que audite, con todos os parámetros que dixo o Sr. voceiro do PP, sobre políticas de persoal, sobre contratacións, sobre créditos, sobre ingresos e gastos, sobre todo, e ademais, se queren, poden ver os informes que o Consello de Contas ten feito sobre a Conta Xeral do Concello de Cambre ata o ano 2008, para que vexan que o audita todo e que fai uns informes, e pide que miren como son eses informes, iso é o que teñen que facer. En Betanzos din unha cousa e aquí din outra, supón que as augas do Mero e do Mandeo o que provocan son reaccións diferentes tamén en diferentes persoas.

Segue dicindo que a Instrución é clara, votar a prol non implica estar votando a prol da xestión do goberno, da economía municipal, significa votar a prol de aceptar que está a conta rendida pola Intervención municipal. Di que levan anos dicindo o mesmo, pero non se quere entender.

Pero o que xa é alucinante é que a persoa que foi responsable, se se poñen a botar números, das facturas que máis diñeiro acumulan en reparos do exercicio do ano 2009, está falando entre xaneiro e agosto do ano 2009, agora veña soltar aquí un discurso lido, intentando eludir responsabilidades e botarllas a outros, porque se se poñen a mirar a Conta Xeral e a repasan, van ver que as maiores cantidades, o que máis diñeiro acumula

en reparos, son precisamente facturas da anterior Concellería de Medio Ambiente, Obras e Servizos, que estaba dirixida pola concelleira, agora non adscrita, que afirmacións tan solemnes e tan estritas está facendo sobre algo do que ela foi responsable, e do que ela ten asinado nas facturas que figuran no informe. A maior parte das facturas están asinadas por ela. Iso é do que non hai, pero por sorte quedalles pouco e aí si que está de acordo con ela, menos mal que chega pronto un novo goberno, ao que lle desexa a mellor sorte, e dende logo o que lle desexa é que teña unha oposición moito máis responsable da que tivo este.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que lle gustaría dicir ao Sr. Iglesias que unha das últimas cousas que dixo é “iso é o que teñen que facer”, referíndose ao PP, ou sexa, está a darlles instrucións do que teñen que facer. Ademais fala de Betanzos, onde vai moito, por iso de intentar darlle a volta á tortilla, Betanzos é a capital da tortilla, pero non o vai conseguir, porque está intentando confundir as contas remitidas coas contas rendidas. Cambre xa remitiu as contas, outra cousa é que estean rendidas, que é o que di o Consello de Contas, que non están rendidas, pero si foron remitidas.

Neste punto pídlle ao Sr. Iglesias que por favor estea calado, que esta é a súa quenda. Dille que intenta confundir remitidas con rendidas, polo tanto, pídlle que non intente dar máis leccións, que xa leva moitos anos, que acaba de dicir agora que non é capaz de facelos cambiar de opinión e, efectivamente, non, porque non están de acordo. Ademais é unha cousa de sentido común, porque pregunta que obxecto ten que veñan esas contas aquí se teñen que votalas a prol, para iso que non veñan. Pregunta para que están aquí, se é para levantar a man cando diga o equipo de goberno, pois non, eles votan en contra, é o seu dereito, e ademais considerano a súa obriga, polo tanto, son unhas contas coas que non están de acordo, e votan en contra, e o que ten que facer o equipo de goberno é facer as cousas ben, iso si que o hai que facer.

Concedida a palabra don Manuel Marante Gómez manifesta que só quere aclarar que cando o Sr. Iglesias se refire á oposición, na oposición son varios grupos. El abstívose no pasado pleno, como dixo, e abstense neste, para non obstaculizar que isto se aprobe, pero a súa abstención o que ten que ver é precisamente con esa forma de facer as cousas coa que non está de acordo en absoluto. El non pretende obstaculizar co seu voto ningunha xestión municipal, e por iso lle pide ao Sr. Iglesias que cando se refira á oposición o faga referíndose aos grupos ou quen sexa que obstaculizan o seu programa, el dende logo, neste caso, non obstaculizou nada.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, en relación co voto, el cre que os concelleiros teñen o dereito, e están lexitimados para, dalgunha maneira, manifestar e demostrar as profundas discrepancias con este goberno. Xa dixeron na outra ocasión que era unha cuestión máis política, e agora mesmo o que queren é non obstaculizar aos órganos encargados de fiscalizar as contas, e por imperativo legal, como así é, por imperativo legal, vanse abster. Di que teñen ese dereito e que ninguén llelo vai sacar.

O Sr. alcalde concede a palabra á Sra. interventora, quen manifesta que ela pouco máis pode dicir, que a lei o que establece é que a aprobación é un acto esencial para a rendición da Conta Xeral, tanto ao Consello de Contas como ao Tribunal de Contas, e que ademais a lei, agora mesmo, non establece a posibilidade, ou non regula, a posibilidade de que a Conta Xeral non sexa aprobada. Tamén é o que xa dixo moitas veces, a Instrución de contabilidade o contempla, que non xera nin responsabilidade en quen estea votando a prol, nin conformidade coas actuacións que se estean reflectindo nela.

En canto a que vai facer agora o Consello de Contas, o que lles comunicaron é que entenden a Conta Xeral como non rendida e di que ela deduce, en aplicación da lei, que o que lles está comunicando o Consello de Contas é que non vai ser obxecto de fiscalización a Conta Xeral do Concello de Cambre do 2009, que a entenden como non rendida porque lle falta o trámite esencial da aprobación. Que actúen doutra forma, ela xa non o sabe, pero é o que ela entende.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que lle gustaría facer unha matización, que é que o Regulamento de réxime interno do Consello de Contas si que prevé a posibilidade de que non se aproben as contas xerais e, de feito, impón a obriga aos concellos que non sexan capaces de aprobar en pleno a Conta Xeral, que se lles remita aínda que se teña por non rendida, pero si que hai un artigo específico no Regulamento de réxime interior do Consello de Contas que o prevé.

A Sra. interventora contesta que non é lei, é un Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, e de feito o concello o que fixo foi enviar a conta, en virtude dese artigo, coa acta da sesión, e o que lles comunicou o Consello de Contas é que entenden a Conta Xeral como non rendida.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier manifesta que, un pouco en aclaración do que dixo o compañeiro, dicir que nas bases das subvencións que saen a alínea g) do artigo 5 di que o concello petionario xuntará á solicitude a seguinte documentación: ... certificado do secretario do concello da remisión de contas do concello ao Consello de Contas de Galicia, que fai referencia ao artigo 1.3 b) da Orde, é dicir, que a secretaria ten que certificar que esas contas foron remitidas e foron admitidas, porque se non foron admitidas é como se non foran remitidas.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín manifesta que por alusións do Sr. Iglesias quere dicir que é certo que ela formou parte do grupo de goberno, pero que o fixo ata xuño do ano 2009, e ademais, segundo o informe de Intervención, os informes con reparos diminuíron respecto de anos anteriores, nos que foi o Sr. Iglesias o que estivo no grupo de goberno, na anterior lexislatura. Di que unha desas moitas irregularidades é nas facturas de mantemento de parques e xardíns, que é unha das cousas que se sacaron a contratación cando ela estaba, aínda que está en precario actualmente e supón que así seguirá. Cando ela estaba no goberno intentouse moitísimas

veces levar a cabo a contratación e facelo legalmente, e non se fixo, e cando o Sr. Iglesias entrou no equipo de goberno ela aínda recorda o discurso de agosto, no que dicía que viña poñer orde e a poñer todo legalmente, cando o certo é que seguen as cousas igual, exactamente igual.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille á Sra. concelleira que seguramente se confunde de discurso e de persoa, aínda que o nome é moi parecido, pero que non foi na súa investidura, senón que o discurso que está citando seguramente foi na investidura doutro Javier.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López; votan en contra os cinco concelleiros do PP e as concelleiras non adscritas dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín e dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas; e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2009, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.

### **3º Proposta de mutación demanial do edificio da escola unitaria de Riveiriña-Bribes**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Transportes, Mobilidade e Patrimonio de data 24 de marzo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación de data 29 de marzo de 2011.

O Sr. alcalde explica que se trata da antiga escola de Bribes que leva uns anos sen nenos e o que se trata e de que o concello poida utilizala para outras cousas que sexan necesarias.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os sete concelleiros non adscritos.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:



Primeiro: Levar a cabo a mutación de destino do local sito en Riveiriña nº 10 – Bribes, con referencia catastral 6418101NH5961N0001BM, ata hai dous anos utilizado como escola de educación infantil, e que no sucesivo será destinado a actividades culturais e de fomento do asociacionismo, sen perda da súa natureza xurídica de ben demanial destinado a un servizo público.

Segundo: Someter o expediente a información pública por prazo de un mes no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as alegacións que se estimen convenientes.

Terceiro: De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerarase aprobada definitivamente a mutación demanial do referido local.

Cuarto: Remitir o acordo definitivo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Quinto: Remitir o acordo definitivo ao Rexistro da Propiedade co fin de que se tome razón del mediante nota marxinal e inscribilo no Inventario de Bens da Corporación, que se está a elaborar, coa cualificación de ben demanial destinado ao servizo público de fomento do asociacionismo e actividades culturais.

Sexto: Remitir o acordo á Dirección Xeral do Catastro.

#### **4º Declaración institucional de rexeitamento á violencia sexual contra nenas en Nicaragua**

A Sra. concelleira delegada de Políticas de igualdade e participación da muller, información e asesoramento da xuventude, ocio e tempo libre explica que dende Amnistía Internacional lles fixeron chegar un informe sobre a violencia sexual contra nenas en Nicaragua, e xunto con ese informe lles pediron que trouxeran a pleno unha declaración institucional en contra deses feitos.

Consta do seguinte teor literal:

“A violación e os abusos sexuais son delitos xeneralizados en Nicaragua, e a maioría das vítimas son nenas. Máis de dous terzos das 14377 violacións denunciadas entre 1998 e 2008 cometéronse contra nenas menores de 17 anos. En case a metade do total dos casos, tiñan tan só 14 anos ou menos. As mozas que sofren violencia sexual ou que corren o risco de sufrila teñen difícil acceso á información. Moitas atópanse atrapadas en situacións abusivas nas que non hai unha saída clara. O estigma asociado aos delitos sexuais implica que, a miúdo, é a vítima a quen se culpa, e non ao agresor.

Para as nenas que denuncian, a loita por obter xustiza pode ser traumática. Os fallos e a falta de recursos do sistema de xustiza significan que, a miúdo, os agresores quedan libres. As sobreviventes de violacións e de abusos sexuais que conseguen chegar ata a

vista xudicial con frecuencia abandonan porque o proceso legal é demasiado caro ou demasiado traumático.

As mozas sobreviventes de violación ou de abuso sexual reciben un mínimo apoio do goberno, ou ningún, para refacer as súas vidas. As afortunadas teñen acceso á axuda psicolóxica e xurídica en centros ou refuxios independentes para mulleres e rapazas, pero isto non basta para garantir axuda a todas as nenas que o necesitan.

Algunhas sobreviventes enfróntanse ao trauma adicional de descubrir que o violador deixounas embarazadas. As que deciden levar o seu embarazo a termo reciben apenas unha pequena axuda do Estado, se é que reciben algunha. Para outras, a idea de parir un bebé froito dunha violación é insoportable.

O goberno de Nicaragua ten a obriga de previr a violencia sexual contra as nenas, de protexer ás sobreviventes e de garantir que teñen acceso á xustiza e á reparación.

Por iso, o Concello de Cambre solicita ao Goberno Español que inste ao presidente da República de Nicaragua, Daniel Ortega Saavedra, a:

- Elaborar e implementar un Plan nacional para previr a violencia sexual contra as nenas e nenos, incluso a cometida por membros da familia, protexer ás sobreviventes e levar aos responsables ante a xustiza.
- Apoiar plenamente ás nenas que sobreviven á violación e proporcionarlles atención médica e psicosocial, garantindo a súa recuperación física e psicolóxica e a súa reintegración social.
- Garantir a reparación integral ás nenas que foron obxecto de violación e abuso sexual, e tomar as medidas necesarias para que poidan refacer as súas vidas. Isto inclúe reformar o Código Penal para garantir os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e as nenas.
- Asegurar que se aplica o Protocolo de Actuación en Delitos de Maltrato Forense e Xudicial, que foi financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, co fin de evitar a revitimización das menores que sufriron violencia sexual.
- Adoptar as recomendacións formuladas polos cinco comités de Nacións Unidas (Comité dos dereitos do Neno, o Comité contra a tortura, o Comité de Dereitos Humanos, o Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais e o Comité para a eliminación da Discriminación contra a Muller, todos eles da ONU) sobre a materia.
- Dar traslado da presente moción á Sra. D.<sup>a</sup> Trinidad Jiménez García-Herrera, Ministra de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e a Amnistía Internacional.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os sete concelleiros non adscritos.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **5º Mocións**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e os sete concelleiros non adscritos, e abstense o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU-IU.

### **Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a protección da fauna do río Mero**

Rexistrada de entrada ao núm. 5494 o día 26 de marzo de 2011. Consta do seguinte teor literal:

“Recentemente, grupos ecoloxistas denunciaban que as instalacións do encoro de Cecebre, carecen dun paso para que as especies piscícolas migratorias poidan remontar o obstáculo da súa construción de máis de dezaseis metros de formigón que constitúe a presa, incorrendo nun posible delito medioambiental polo incumprimento da lexislación vixente.

Con anterioridade o noso grupo xa ten formulado este problema, sen que os distintos gobernos do concello ou as administracións con competencias na materia, tiveran unha actitude comprometida para solucionalo.

A causa fundamental é que o muro da presa imposibilita o remonte do río aos peixes de especies migratorias, como é o caso do reo que, aínda que adoita subir durante todos os meses do ano, faino con moita máis intensidade no período entre maio e novembro.

Estas especies, que durante miles de anos desenvolveron o seu ciclo vital desovando no ciclo medio dos ríos, vense imposibilitadas de facelo e, por conseguinte, en grave risco de desaparición polo obstáculo que se atopan para chegar ao lugar axeitado. No caso do río Mero, é a presa de Cecebre que, polo tipo de dispositivo de desaugadoiro do encoro, constitúe un atranco insalvable para que os peixes migrantes poidan seguir augas arriba, morrendo contra os seus tubos.

De pouco serven as medidas, e as obras que se puxeron en práctica no acondicionamento do río e recuperación da riqueza piscícola, se non se levan a cabo actuacións que permitan o remonte ata os seus desovatorios naturais das especies migratorias, cuestión que por outra banda, resulta imperativa por estar contemplada no artigo 23 da Lei de pesca fluvial.

A solución para o paso dos peixes proporcionaríalles uns extensos tramos fluviaais (sobre 30 quilómetros no Mero e 20 no Barcés), con excelentes condicións para frezadeiros, o que permitiría a recuperación e incremento sensible da poboación de reos e anguías, contribuíndo á calidade ambiental dos ríos, e co conseguinte beneficio económico derivado da pesca e do atractivo turístico que pode supoñer para o concello.

Polo exposto, o grupo municipal de EU propón ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Iniciar de inmediato as xestións necesarias para requirir e acadar dos organismos competentes a elaboración urxente dun proxecto que solucione o remonte do río Mero das especies migratorias, e poder superar o obstáculo da presa de Cecebre.

Segundo: No eventual compromiso que poida chegar a acadarse cos organismos competentes para dar solución ao problema, contemplárase que o concello poida participar na redacción do proxecto, mediante alegacións e propostas que a nosa administración recollerá mediante un proceso de información pública aberta aos colectivos e persoas interesadas.”

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro non adscrito, manifesta que lle gustaría propoñer ao voceiro de EU-IU, que engadira algunha cuestión máis, xa que na parte dispositiva fala de iniciar as xestións necesarias cos organismos competentes, pero non se cita a ningún, pensa que resultaría adecuado poñer a quen dirixir este acordo municipal. El propón que, en caso de que o pleno acorde aprobar esta moción, se dirixa ao presidente da Xunta de Galicia, ao Sr. conselleiro de Medio Ambiente e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que non ten ningún problema en engadilo porque sempre enriquece un pouco máis a moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación da parte dispositiva proposta polo concelleiro non adscrito don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, respecto dos organismos aos que se debe remitir o acordo, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os sete concelleiros non adscritos.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Iniciar de inmediato as xestións necesarias para requirir e acadar dos organismos competentes a elaboración urxente dun proxecto que solucione o remonte do río Mero das especies migratorias, e poder superar o obstáculo da presa de Cecebre.

Segundo: No eventual compromiso que poida chegar a acadarse cos organismos competentes para dar solución ao problema, contemplárase que o concello poida participar na redacción do proxecto, mediante alegacións e propostas que a nosa administración recollerá mediante un proceso de información pública aberta aos colectivos e persoas interesadas.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao presidente da Xunta de Galicia, ao conselleiro de Medio Ambiente e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

## **6º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 4201 o día 4 de marzo de 2011, procedente da Dirección Xeral de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, no que se comunica a aprobación dunha prórroga para a total execución e pago efectivo dos gastos derivados do proxecto “Arume-Acción para a rexeneración urbana, medioambiental e económica” ata o 7 de xullo de 2012.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 4206 o día 4 de marzo de 2011, procedente da Dirección Xeral de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, no que comunica que, con data 23 de febreiro, pediuse á Subdirección Xeral de Administración do FEDER da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios que se inicien os trámites para o pago dun anticipo do 7,5% da axuda FEDER concedida para a realización do proxecto “Arume”.

Neste momento solicita a palabra don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, para solicitar unha aclaración, xa que di que non sabe quen se confundiu, pero que o goberno municipal mandou aos medios de comunicación un comunicado no que dicían que o prazo para xustificar as obras finalizaba a finais do mes de decembro do 2012, iso foi o que apareceu publicado na prensa.

O Sr. alcalde responde que a Sra. secretaria deu lectura á comunicación oficial.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que, entón, é que a outra non era oficial.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 323, de 17 de marzo de 2011, que se transcribe a continuación:

“Por motivos persoais non podo exercer as miñas funcións de alcalde dende o día 18 ao 21 de marzo do ano que andamos, ambos os dous inclusive, polo que, e de conformidade co establecido no artigo 60 do Regulamento orgánico municipal, resolvo:

Primeiro: Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, que as exercerá durante o período anteriormente citado.

Segundo: Notifíquese a presente resolución ao interesado, déase conta á Corporación mediante comunicación escrita ao voceiro de cada grupo político, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 346, de 22 de marzo de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dende o día 22 ao 24 de marzo do ano 2011, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 22 de xullo de 2009.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do informe da Intervención municipal, de data 31 de marzo de 2011, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

## **7º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 5548 o día 28 de marzo de 2011.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado en que se atopan as obras da estrada do centro de saúde de Cambre, a rúa Pígara e a rúa Padre Feijoo no Temple.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, con respecto ás obras das rúas Pígara e Padre Feijoo, están adxudicadas por procedemento aberto á empresa Urbaser e estase cos trámites posteriores á adxudicación para poder comezar as obras, en concreto xa presentaron o plan de seguridade e hixiene, que está aprobado, e falta o plan de traballo, un aspecto bastante importante por tratarse dunha obra que vai afectar a un tramo urbano moi denso e con moita circulación, e é importante que o plan de traballo, o plan de actuacións que van levar adiante, estea perfectamente verificado e aprobado

por parte de técnicos municipais, para que cause as menores molestas posibles.

Di que houbo unha serie de atrasos nunhas autorizacións que tiñan que vir de Augas de Galicia, polo tema do vertido de augas pluviais nunha das actuacións principais que se van facer con esta obra, que é o vertido de pluviais, do colector de pluviais que vén dende a N-VI, e isto demorouse por unha serie de documentacións e aclaracións que estivo pedindo a Xunta. Hai algo máis dun ano que se iniciaron eses trámites de autorizacións sectoriais, e aínda falta unha última cousa por chegar. Di que agardan que nos próximos sete ou dez días, ou quince como moito, poida dar comezo a obra.

En canto á travesía do cemiterio, cre que está á vista de todos que a obra está cun atraso importante, o que comentara tanto a empresa como a dirección de obra no mes de xaneiro é que a finais de marzo estaría executada nunha porcentaxe importante, e neste momento o que lles pode informar é que están feitas todas as canalizacións subterráneas, o que non se ve, abastecemento, conducións de pluviais, colectores de saneamento, canalizacións para soterramento de liñas eléctricas de Fenosa e de Telefónica, e estes días están facendo as probas de estanqueidade dos colectores, e as probas tamén por parte das empresas que logo os vai recibir, que neste caso son Telefónica e Fenosa, darlle o visto e prace para empezar xa coa reposición e coa construción en superficie das beirarrúas.

A opinión que teñen dende o concello, e que teñen constatado, é que a obra vai con atraso, e están moi descontentos coa súa execución. Di que, de feito, mañá mesmo teñen citada á dirección de obra e á empresa adjudicataria para aclarar unha serie de circunstancias de como se está levando esa obra. Está con atraso pero agora mesmo está nese punto, non está parada, dende o mes de xaneiro en que se retomaron os traballos comezaron con moita intensidade, pero nos últimos días están algo parados pola circunstancia que xa dixo, pero hai xente alí traballando. En todo caso, mañá mesmo teñen unha reunión con eles para aclarar unha serie de termos cos que non están de acordo.

2º Rogamos nos informen das obras de remodelación que se están levando a cabo actualmente na escola de música de Sigrás.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que neste momento están rematando unhas intervencións extraordinarias, segundo informa o aparellador municipal, que é o técnico municipal responsable, que se ordenaron facer, xa que despois da recepción da obra, que foi en abril do pasado ano, apareceron unha serie de problemas de filtracións de humidades que foi necesario abordar e que están practicamente rematando.

Di que á empresa se lle esixiu retirar a cobertura de terra vexetal e a impermeabilización inicial que se puxera, e cambiouse por un novo sistema de impermeabilización de morteiro, de láminas de illamento térmico e xeotextil e de acabado. Segundo informa o técnico responsable do proxecto aproximadamente no prazo de 7 ou 10 días estará completamente rematado todo aquilo para poñelo a disposición do concello para o seu

uso. Esas deficiencias xa están corrixidas e están co remate da obra.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que no anterior rogo non dixo nada porque están todos de acordo en que é algo que non debería ocorrer, pero é certo que ás veces ocorre, pero no caso do que están falando agora di que levan tres anos, aproximadamente, para recepcionar esa obra. Cando o Sr. Iglesias estaba na oposición era moi incisivo nese asunto coa que actualmente é a súa compañeira no equipo de goberno, agora, pola contra, ve que rectificou moito a súa postura.

Di que o PP preguntou en varias ocasións polo tema. Teñen un escrito presentado en Rexistro onde lles preguntan se vai haber algún sobrecusto na obra, cousa sobre a que agora o Sr. concelleiro non dixo nada. Preguntaron, ou mellor dito, nese escrito que presentaron rogaron que lles informaran se ía haber algún tipo de sobrecusto, e nese mesmo escrito dicían que, tendo solicitado en varias ocasións o certificado de recepción da obra por parte do concello, a día de hoxe sen resposta, solicitaban de novo copia do dito certificado. Non lles deron nada, e non sabe se é que non o teñen. E a pesar de que o Sr. Iglesias diga que non llo piden, si que lle gustaría que dixera se vai haber algún tipo de sobrecusto.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que el é moi respectuoso con este órgano no que están todos representados, e sobre todo é moi respectuoso cos señores concelleiros e concelleiras que formulan preguntas. O Sr. Cubeiro lle pregunta, lle roga, que informe das obras de remodelación que se están levando a cabo actualmente na escola de música de Sigrás, non lle pregunta por sobrecustos nin por nada de prezos, pero hai outro concelleiro ou concelleira, non lembra agora, que nesta mesma sesión formula ao equipo de goberno unha pregunta precisamente sobre temas de prezos e sobrecustos, e como é esa persoa a que fixo a pregunta, vai ser a ela a quen conteste, non ao concelleiro do PP, se é que lle permite, sobre todo por respecto a esa persoa que fai esa pregunta concreta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, de todas formas, esa é unha interpretación súa, xa que cando rogan información sobre as obras, o prezo é algo que vai implícito, porque unha obra ten un custo, pero dille ao Sr. Iglesias que se non quere contestar que non o faga, que é evidente que non lle interesa, pero si que é moi respectuoso, como o demostra en moitas ocasións.

3º Rogamos ao equipo de goberno nos informe do estado en que se atopa a cesión dos terreos para a construción do novo colexio no Temple.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que como é evidente hai un erro e refírense ao colexio da Barcala.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, como saben todos, eses terreos foron expropiados, e actualmente a documentación está na notaría, xa que hai que agrupar os terreos nun só, e despois cedelo á Consellería de Educación, que vai precisar entre



11.000 e 14.000 m<sup>2</sup>.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta se a expropiación non foi xa definitiva no mes de maio do ano pasado, e se é que dende ese mes levan os papeis na notaría.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que houbo unha serie de trámites que levou a cabo a asesoría xurídica do concello.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el o di porque vén sendo habitual, sobre todo no colexio do Graxal, que é o núcleo de poboación máis grande que hai en Cambre, que haxa familias que teñen que mandar aos seus fillos a outros colexios. Cre que é hoxe cando termina o prazo de matrícula en todos os colexios, entre eles o do Graxal, e dez familias desa zona van ter que mandar aos fillos a outros colexios, como xa ocorreu o ano pasado. El cre que deberían darse un pouco de présa, porque corre moita présa construír un novo colexio en Cambre.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 5553 o día 28 de marzo de 2001, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Cada día máis, maniféstase a enorme importancia sobre a recollida e reciclaxe de aceites domésticos, na actualidade o noso concello a diferencia doutros do noso contorno, non conta cun sistema que facilite o seu reciclado, e con carácter xeral os cidadáns carecen de información respecto da súa recollida nas proximidades dos seus domicilios.

O servizo de recollida selectiva debe ser o máis universal posible dende o punto de vista, que todos os veciños e veciñas teñan dereito a que se lles ofrezga gratuitamente a posibilidade de ser selectivos na entrega dos residuos.

O noso grupo municipal maniféstase decidido partidario dun compromiso firme por parte do concello para intervir neste problema. As razóns nas que fundamentamos esta iniciativa, son de tipo ecolóxico, económico e laboral....etc.

Por isto pregamos ao goberno:

Inicie de inmediato un estudo para promover a posta en marcha dun sistema de recollida de aceites usados no ámbito doméstico, e na propia hostelería, tentando que esta actividade poida xenerar emprego mediante a creación dalgún posto de traballo no concello, fomentando así os “traballos de proximidade”.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, sen entrar exactamente no modelo que sería, dille ao Sr. Taibo que el persoalmente e o goberno municipal, están totalmente de acordo con esta iniciativa, parécelles moi acaída, pero tamén lle queren

dicir, e cre que é fácil comprender, que a un mes escaso, ou pouco máis dun mes, de que este goberno entre en funcións, non hai tempo material para programar e comprometer iniciativas destas características.

Di que el anima a todos os grupos municipais a que manteñan esta intención, el cre que hai varias vías, vía Consorcio das Mariñas ou vía iniciativas propias que se poidan ter aquí, para facer un tipo de accións para levar adiante esta recollida que se está facendo hoxe nalgúns establecementos. Nalgúns supermercados están facendo este labor, pero para que se estenda e se poida facer de maneira organizada. Agora non hai tempo material para que o goberno municipal asuma estas accións, o compromiso sería un compromiso no aire no caso de facelo, están de acordo, parécelles adecuado, pero cre que isto é unha acción que debe ser a próxima corporación quen deba mantela, xa que agora mesmo non é viable.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que este é un modo tamén de tratar de sensibilizar ás persoas. Por outra parte este é un tema que xa debería estar funcionando, xa que existe unha disposición transitoria, cre que é da comunidade autónoma, así como un real decreto do goberno, respecto de que os concellos de máis de 5.000 habitantes xa tiñan que ter feito este tipo de separacións, pensa que debería ter sido posto en marcha no ano 2001, en Cambre levan 10 anos sen levalo a cabo. Evidentemente todos saben o prazo que está aí, que esta corporación está tocando ao seu fin, pero vai ser unha cuestión na que, estean ou non estean na vindeira corporación, van seguir insistindo co fin de que se faga unha separación en orixe deste tipo de residuos.

2º Eliminar barreiras arquitectónicas e contribuír ao acceso universal aos edificios públicos, tamén é unha competencia que debe asumir o concello.

Por isto pregamos se acondicione a entrada ao centro sociocultural do Graxal, mediante unha rampla que permita ás persoas con certas discapacidades o acceso nas mellores condicións.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que con respecto ao tema da accesibilidade e barreiras arquitectónicas en xeral o pasado ano contratouse un importante estudo completo de todo o concello que inclúe as instalacións municipais, edificios, todo tipo de equipamentos, vías urbanas, todas as instalacións que son de competencia municipal, e faise unha análise pormenorizada e en todos os aspectos de todas as cuestións de accesibilidade, entre elas figura o centro sociocultural do Graxal, do que hai un montón de follas nas que de maneira pormenorizada se indica cales son as carencias, algunhas leves, outras graves, pero tamén as cuestións que están ben. Unha delas é esta, está detectada, e precisamente neste mes hai unha convocatoria de subvencións do Imsero para eliminación de barreiras arquitectónicas, e de todos os elementos que están xa detallados, estudados, informados e valorados neste estudo que se encargou e que levou adiante a empresa Fundosa, unha fundación da ONCE, van escoller as reparacións que meterán.

En todo caso, di que esta intervención pola que pregunta o grupo municipal de EU-IU, dese pequeno chanzo que hai no centro sociocultural do Graxal, é unha intervención moi pequena e probablemente no próximo mes o poidan facer mesmo por medios propios, porque se trata de salvar entre 2 e 4 centímetros do chanzo de entrada e é unha intervención que non require grandes medios.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que ás veces os 4 centímetros para nós, son metros para outros, pero que en todo caso alédase de que vaian intervir alí.

3º Con data de 22 de xullo do pasado ano, o noso grupo presentou un escrito no Rexistro municipal sobre as denuncias de varios veciños e veciñas do Temple en relación co abandono de vehículos en varias rúas.

Poden informarnos das xestións realizadas para corraxir a situación, e se teñen contabilizados os vehículos abandonados nas rúas do concello?

O Sr. alcalde pide desculpas xa que solicitou un informe tanto á Policía como ao técnico de administración xeral que se ocupa deses temas, e dixéronlle que aínda non o teñen elaborado, pero que o luns ou o martes o tiñan, e cando así sexa farállelo chegar aos señores concelleiros.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, pregunta polas xestións realizadas, porque ese é un tema que xa trouxeron ao pleno, e incluso notificaron a situación de vehículos que estaban abandonados.

O Sr. alcalde responde que, como dixo antes, os funcionarios que antes mencionou van preparar un expediente con toda a información e que llela pasará. Non tiveron tempo, pero o martes ou así se lle entregará a todos os voceiros.

Don Juan Antonio Fernández López reitera a súa pregunta de se fixeron algo.

O Sr. alcalde contesta que si.

O concelleiro de EU-IU pregunta se, entón, lles pode informar das xestións realizadas.

O Sr. alcalde responde que o martes lles dará o informe de todo.

Don Juan Antonio Fernández López conclúe dicindo que a pregunta estaba clara, pero que parece ser que non se pensa contestar.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 5545 o día 28 de marzo de 2011.

1º Rogo se informe da situación na que se atopan as instalacións dos saneamentos nas distintas parroquias do municipio.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), aclara que, evidentemente, está a referirse ás novas instalacións que estaban pendentes de funcionar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que así o sobreentendía, porque o Sr. concelleiro xa lle tiña avisado que ía ser persistente neste asunto, tamén o Sr. Marante lle dicía o outro día que non sabía se felicitalo ou non, pero el cre que se deben de felicitar todos, incluso o propio Sr. Marante pola súa insistencia en tratar este tema.

O mes pasado anunciou que a metade dos 30 quilómetros de redes que estaban paradas, de diferentes plans que xa viñan dos anos 2003, 2004 e 2005, xa as puxeran en marcha, os colectores que verten nos río Valiñas e no regato da Gándara, e pode dicirlle que xa están en funcionamento os outros 15 quilómetros que faltaban, que estaban pendentes dunha serie de deficiencias que tiñan que corrixir as empresas que executaron as obras, tanto para a Deputación como para a Xunta, e que eran os bombeos que están no contorno do río Mero. O que máis afectaban era fundamentalmente aos colectores que baixan na parroquia de Cecebre, da Mota, Fraís e Sobreguexe, e pola outra banda todo o que collía a zona de Peiraio, Bribes, Mosteiro, Galiñeiros e San Paio.

Di que todos eses colectores están xa en funcionamento, todos os bombeos están xa postos en marcha e funcionando, e estase preparando a documentación, non saíron aínda pero van saír entre mañá e a semana que vén, as notificacións comunicándolle ás persoas que teñen solicitado dende hai anos os diferentes enganches á rede, que está xa en marcha e que, polo tanto, poden proceder ao vertido ou facer as obras que consideren oportunas.

Ao mesmo tempo, e de maneira paralela, di que xa se deron instrucións á empresa que está levando o mantemento das redes de auga e de colectores, para que proceda a incluír no padrón de usuarios a todos os veciños, tanto os que teñen solicitado o enganche a estes colectores, como os que están na área de influencia para que tamén procedan a facer as solicitudes pertinentes. Polo tanto, neste momento, de todos eses colectores que estaban pendentes de poñerse en marcha, algúns de hai anos, están todos en marcha.

Segue explicando que unicamente quedan por poñer en servizo os que son de construción recente, que son os tres tramos que se executaron con bombeo en San Lourenzo, no Drozo en Anceis, e en Piñeiro, que están nestes días rematando as obras de acometida eléctrica para os bombeos, e agardan tamén que no prazo aproximado dun mes poidan comezar a funcionar. Tamén unha das obras que se fixeron con cargo ao FEESL, ao fondo estatal do pasado ano, que está na mesma situación, é un pequeno bombeo en Cela para recoller aquelas casas que están pegadas ao río, e dentro da mesma obra unha pequena intervención nun colector cun caudalímetro que está na Ponte da Xira na parroquia de Sigrás.

Polo tanto, di que a partir de agora se poñerá en marcha, e haberá que poñer tamén ao día todos os censos e regularizar as comunicacións de autorizacións de licenzas, etc., etc.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el ten constancia de que algún veciño hai cuestión de mes ou mes e pico recibiu unha carta do concello para facer o enganche na rede de sumidoiros, pero logo recibiu outra, cando xa tiña a obra medio comezada, de que non se podía enganchar, por iso di que hai que ter un pouco máis de seriedade no tema. Se agora vai para adiante, fenómeno, e por iso o felicita, por poñer en marcha unhas instalacións algunhas das cales levan máis de oito anos feitas, cre que ía sendo hora, pero que hai que ter coidado con esas cousas de primeiro enganchar, despois non enganchar, despois volve enganchar. Hai que ter un pouco máis de sensibilidade cos veciños porque iso denota pouco rigor á hora de facer as cousas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é certo, que aproximadamente das 90 cartas que saíron o pasado mes dirixidas a persoas que tiñan solicitado o enganche dende hai tempo, houbo algún erro, porque mesturáronse nese paquete algunhas autorizacións que formaban parte dese último tramo que agora comentou que xa puxeron en marcha, e claro, non estaba aínda listo, e houbo que mandarlles unha rectificación.

En calquera caso, di que agora vailles chegar de novo, ao longo deste mes, a carta xa definitiva autorizando o enganche e a posta en servizo.

2º Rogo se informe por parte do goberno municipal en que estado se atopa a elaboración do Inventario de Bens Municipais.

Don José Francisco Parceros Rial contesta que se está acabando a elaboración do Inventario de camiños públicos e iso é o que lle pode dicir a día de hoxe, segundo os técnicos lle informaron.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que supón que a culpa será dos técnicos, como sempre. Agarda que para dentro de vinte anos poidan telo completo.

3º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal pagar as subvencións ás entidades e asociacións sen ánimo de lucro do Concello de Cambre.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que as comisións de festas xa cobraron, e as asociacións cobrarán no mes de abril.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que agarda que sexa certo e non teñan o atraso que tiveron as comisións de festas, porque segundo a información que el ten hai uns días seguían estando en Cultura, nin sequera estaban en Intervención.

Dona Erundina Prado Arcay responde que lle aseguraron que hoxe subiron á Intervención. Di que en Cultura deuse a circunstancia de que estiveron bastantes meses baixo mínimos de persoal e as cousas se atrasaron un pouco, neste momento xa están funcionando a pleno rendemento, pero as cousas se atrasaron un pouco.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que agarda que sexa verdade e que non veñan para fin de ano outra vez.

### **Rogo de dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, presentado oralmente**

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín manifesta que lle gustaría que o Sr. alcalde lle informara un pouco da noticia que viu en prensa o día 25 de marzo, no diario 'La Opinión' respecto de que o Concello de Cambre investira 60.000 euros das súas arcas na adecuación da planta alta do inmovible do cuartel da Garda Civil. Pregúntalle por esta obra, polo procedemento de contratación, que empresa a realizou, e de que partida saíu o diñeiro.

O Sr. alcalde contesta que esta é unha obra que estaba no orzamento do ano pasado, aprobouse cos orzamentos, e realizouse a pleno rendemento. Di que se quere máis información pedirállela ao director da obra e aos técnicos municipais, pero trátase dunha obra recollida nos orzamentos do pasado ano.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín pregunta pola empresa que a realizou.

O Sr. alcalde contesta que pensa que foi "J. Carro".

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5547 o día 28 de marzo de 2011.

1<sup>a</sup> Cando se vai presentar o avance do Plan Xeral?

O Sr. alcalde contesta que, en principio, o día 15 de abril. Ese é o prazo que teñen coa empresa, hoxe estiveron aquí e agardan que o día 15 o traian.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. alcalde lle puido dar a mesma resposta que deu ao rogo número 3 de EU-IU.

O Sr. alcalde responde que lle dá a resposta que hai.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que a resposta parécelle moi ben, pero lembra que van 12 anos coa mesma resposta.

O Sr. alcalde dille que se fixo un contrato e que hai un compromiso coa empresa para o

día 15, e agardan que se cumpra, o resto é auga pasada.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, en todo caso, hai que aclarar que nesta lexislatura evidentemente non vai haber plan, como era previsible.

O Sr. alcalde contesta que iso si é verdade.

2ª No camiño que vai de Altamira a Castelo (detrás do Corte Inglés) e na cuneta, situada ao final de Nebrixe, ao lado de Casa Pena (Bribes), existen zonas que se están utilizando na actualidade como entulleiras. Que medidas está tomando o equipo de goberno para solucionar e limpar as ditas zonas?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a zona da estrada de Nebrixe xa está limpa, está retirado o entullo que había alí e mañá se fará o do camiño de Altamira, porque había que levar unha máquina xa que hai entullos que a brigada non podía retirar a man.

Di que as medidas que se están tomando é cando aparece algo disto, polos medios que ten o concello, que é a Policía, intentar investigar de onde proceden para formular as correspondentes denuncias e reclamacións e, en calquera caso, sobre todo na maior parte deles, nas que é moi difícil localizar quen o fai, teñen que retiralo, porque non lles queda máis remedio, como así se fixo no camiño de Nebrixe e mañá se fará no de Altamira.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, informa que tamén hai outra entulleira na zona da N-550, antes de chegar ao Corte Inglés de Altamira, á man dereita.

3ª No pleno celebrado no mes de outubro de 2010, o noso grupo preguntou polo estado das marquesiñas do noso concello e se nos informou que se estaba realizando un estudo completo delas. Ten finalizado xa o dito estudo? Cales foron as conclusións obtidas?

Don José Francisco Parceró Rial contesta que o estudo fora pedido pola Xunta e xa está finalizado, está pendente de mandar á Xunta, e como conclusión di que se están, dende o concello, reparando as marquesiñas que están en mal estado.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que lle agradecería ao Sr. concelleiro que lle pasase ese estudo que está feito, e respecto ao feito de que xa estean reparando as marquesiñas, dille que hai algunhas que están invadidas polas silvas, sen ir máis lonxe a do centro de Cambre, a de Cecebre e outras moitas máis.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que llo pasará sen problema ningún.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5553 o día 28 de marzo de 2001, xunto cos rogos

presentados para este pleno.

1ª Recentemente foi aprobado polo Consello de Ministros o Plan de aforro e eficiencia enerxética, que se concreta en vinte medidas en tres grandes ámbitos, gran parte destas medidas están destinadas aos concellos e veñen precedidas dunha campaña de concienciación cidadá.

As mencionadas medidas non terían moito sentido sen a existencia dunha colaboración das administracións autonómicas e municipais, co fin de acadar os obxectivos para o desenvolvemento do plan.

Cales son as actuacións levadas a cabo polo goberno local en relación co problema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o plan de vinte medidas para aforro e eficiencia enerxética foi aprobado polo Consello de Ministros o día 4 de marzo. É un plan, non é unha normativa, é un plan que vai ter un desenvolvemento, é máis, o propio plan inclúe prazos e desenvolvementos posteriores en períodos de tempo medios e longos, polo tanto, este concello ou calquera outro terá que agardar aos diferentes desenvolvementos que vai ter, como son liñas de subvención, liñas de actuación a través do ICO, etc. Imaxina que para o reparto destas liñas de subvención o Goberno do Estado o fará a través das comunidades autónomas, para que estas á súa vez as deriven aos concellos, polo tanto vai ser un proceso, máis que unhas medidas que tomar directamente.

Di que se miran, tamén no plan de medidas encontrarán cousas moi curiosas, como que Cambre con case 24.000 habitantes se atopa nunha especie de limbo no que non hai actuacións concretas definidas dentro do plan. O plan fala de liñas directas para concellos de menos de 200 habitantes, que se farían xa con liñas de subvencións ou liñas de aplicación directa do propio goberno central, e normativas para concellos de máis de 50.000, pero Cambre está nese punto medio, e por iso hai que agardar polos regulamentos ou convocatorias que veñan ao seu abeiro.

Continúa dicindo que isto ten moito que ver coa lei que se aprobou o ano pasado, de economía sostible, que hai varias indicacións ou liñas de traballo que van no sentido ese, como o propio nome da lei indica, da sostibilidade, é dicir, polo aforro, eficiencia e o coidado do medio ambiente.

En todo caso, o Concello de Cambre leva tempo facendo actuacións que encaixan perfectamente dentro desta medida, e el agarda que o próximo goberno manteña esa actuación, e como exemplo de actuacións que se levan feito durante os dous ou tres últimos anos, que encaixan nesta filosofía, está a instalación das placas fotovoltaicas na escola infantil, que se fixo con fondos do FEIL no ano 2009, a actuación de coxeneración na piscina da Barcala que se está executando agora mesmo con cargo ao proxecto Arume, placas termoeléctricas para aproveitamento da enerxía solar para a produción de calor no campo de fútbol de Cambre, no Dani Mallo, no pavillón



polideportivo municipal de Cambre, na escola de música, na piscina do Graxal, que están previstas tamén en todo o proxecto da obra que se está desenvolvendo aí, e algunha máis que non lembra.

Tamén se abordou un proxecto de substitución de lámpadas de vapor de mercurio por outras de vapor de sodio que teñen un mellor rendemento e eficiencia enerxética, fíxose así unha boa parte da zona do Temple, fundamentalmente no contorno do Paseo dos Templarios, cambiáronse os globos que eran contaminantes lumínicamente por outros que encaixan dentro da normativa, ademais de cambiar o tipo de iluminación, e modificouse toda a instalación de iluminación da Casa do Concello, substituíndo as reactancias electromagnéticas por balastos electrónicos, que son máis eficientes e teñen menos consumo dende o punto de vista enerxético. Ademais, neste mesmo edificio, no sistema de calefacción, modificáronse as válvulas dos radiadores, con válvulas termostáticas, para que se poidan regular as temperaturas e non haxa consumo excesivo, e logo fixéronse varias intervencións en iluminación pública ao longo destes dous anos, e hai algunhas máis previstas que están encaixadas dentro de liñas de subvención, ou outras que están en solicitude agora, como é toda a iluminación do polígono de Espírito Santo onde se instalou un sistema de eficiencia enerxética punto a punto, igual que unha iluminación nova que se fixo na parroquia de Anceis con cargo aos fondos FEESL, e hai en marcha, con subvencións de INEGA e con fondos propios tamén, a modificación de varios temas de iluminación pública en varios sitios que lles pode facilitar.

Conclúe dicindo que están na liña de traballo, sobre todo pensando que a enerxía máis barata é a que non se consume, estase na liña de reducir consumos e que os que se fagan sexan máis eficientes e, dende logo, queda moitísimo traballo por facer, porque lles vai ao peto e á calidade ambiental, cos que pensa hai que colaborar.

Co Decreto do Goberno de vinte medidas, hai varias liñas de actuación moi interesantes, pero pensa que vai ser nos próximos meses cando se saiba concretamente como se pode encaixar aquí, polo tanto vai ser labor de quen siga ao fronte destas cuestións para máis adiante, tanto dos técnicos municipais como dos responsables, pero pensa que están no bo camiño, en consonancia con estas medidas que se adoptaron.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que en relación co tema da iluminación pública á cal fixo referencia o Sr. concelleiro, el pensa que a iluminación pública que hai neste concello, baixo o seu punto de vista é deficiente, e pensa que se está pagando unha tarifa enerxética por unha iluminación que os cidadáns non gozan. Pódense ver farois cuxas tulipas están todas sucias, e a luz que emiten é deficiente, é moi pobre, e isto non é en sitios concretos, el cre que é na maioría dos lugares do concello.

Tamén observan que hai moitos farois que iluminan para arriba, en vez de iluminar para abaixo, teñen demasiada altura, iso é o que veñen observando, e nese sentido habería que ter unha actuación máis seria e rigorosa e debería haber un empeño importante por parte do concello, pero como ben dixo o Sr. Iglesias xa lle corresponderá facer aos

próximos que veñan.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que, de todas as maneiras, el tampouco quere quedarse con esa definición, porque efectivamente pode haber farois que estean sucios e en mal estado, pero dos casos que se enteran no departamento de Servizos, pásase o parte á empresa que está cobrando para manter o sistema en perfecto funcionamento, e o que lle prega a todo o mundo é que, se teñen información de puntos que están funcionando mal de maneira regular, que llelo digan, porque para iso se lle está pagando á empresa que ten a concesión do mantemento.

El cre que, en xeral, está ben, o que si é certo é que hai que abordar un cambio nos sistemas de iluminación dunha boa parte do concello, está falando dos sistemas que levan instalados moitos anos, por sistemas máis modernos, máis eficientes, non quere dicir que vaian iluminar máis, porque se cadra hai que comezar tamén a cambiar os criterios, non se pode ter todo, non se poden ter unha iluminación para ler o xornal en todas as rúas, barato e que non contamine. Hai que escoller e hai que mirar as cousas como hai que facelas, en todo caso, ese traballo está iniciado, pero queda moito que facer, porque este concello ten máis de corenta quilómetros cadrados e moitos miles de lámpadas funcionando e moitos rueiros. Hai moito traballo por facer, moita renovación, pero iso son cartos e hai que ir marcando prioridades, é traballo para o futuro.

2ª No lugar de Anceis na confluencia do camiño de San Bieito e camiño Inglés, con certa frecuencia acumúlase gran cantidade de lodos e residuos nas cunetas, que atascan os tubos impedindo o seu desaugadoiro, ocasionando problemas aos veciños e veciñas.

Teñen previsto realizar algunha actuación para dar solución ao problema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa faláron deste tema en máis dunha ocasión. Ese cruzamento está xusto na saída da costa do Camiño Inglés, na zona que non está asfaltada do Camiño Inglés, que vén dende Altamira, e alí é frecuente que en épocas de choivas se produzan escorrentías, que arrastran lodos, barro e auga cara aos camiños eses. Xa se entrevistou non hai moito tempo facendo unha limpeza nese tramo, e vaise volver a facer, en todo caso, o que din sempre tamén aos propietarios que lles veñen a comunicar estes problemas, aos propietarios que teñen gabias diante dos seus terreos, e que teñen tubos para facilitar o acceso ás súas propiedades, é que eles teñen a obriga de desatascar eses tubos, son autorizacións que se lles dá para facer eses pasos, de accesibilidade, pero en precario e baixo responsabilidade de que son eles quen teñen que limpalas.

En todo caso di que xa estivo por esa zona persoal municipal para efectuar de novo a limpeza, e vaise a acometer a apertura da gabia nestes días.

3ª Que tipo de medidas ten previsto adoptar o goberno para reparar os desperfectos ocasionados no Paseo dos Templarios, con motivo das obras nas instalacións e reposición do saneamento?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que no Paseo dos Templarios a Xunta de Galicia está acometendo unha obra, a petición do Concello de Cambre, a través da empresa “Atlántica”, que é a renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios. Esta obra non está acabada, estase facendo un seguimento dela, agora están coa última parte, que é a conexión na estrada da Deputación, onde está o polígono dos Muíños da Barcala, a conexión co colector que baixa alí pola estrada da Deputación, máis un pequeno tramo nun dos rueiros de alí dese polígono. A partir de aí darán por rematada a obra coa reposición e coa reparación de todos os elementos de todo o Paseo dos Templarios.

Di que xa fixeron varias visitas alí, técnicos municipais e el mesmo, e xa están emprazados a que, segundo rematen esa conexión, fagan un repaso de todo o paseo, tanto das beirarrúas como das zonas onde hai terra con plantación ou con zahorra, para deixalo en perfecto estado, porque se non é así, se non deixan todo tal e como estaba, o concello non vai admitir o remate da obra.

Di que xa lles indicaron varias veces que onde teñen as casetas de obra, moi preto da biblioteca municipal, hai un montón de losetas rotas. Xa lles dixeron que as teñen que reparar, pero todo iso van facelo unha vez que remate a obra, que non está rematada aínda. Estase facendo o seguimento e váiselles esixir.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, se ben non presentou preguntas para este pleno, si quere manifestar ao Sr. Parcero, o agradecemento, en nome propio e en nome dos veciños de Anceis, por dúas actuacións que fixo nesa parroquia, xa que despois de máis de tres anos de ter solicitado unha marquesiña, por fin se puxo, e ademais dende que falou con el e se lle dixo foi rápido na xestión, polo tanto agradécenllo. E tamén por outra xestión relativa ao percorrido do bus metropolitano, xa que os veciños pediran unha parada máis nunha zona, pola distancia que había entre as outras que existían, e á semana de ter falado con el tamén está funcionando. Di que oxalá seguiran así e foran todos igual.

### **Preguntas de dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5542 o día 28 de marzo de 2011.

1<sup>a</sup> Cando estarán acabadas as obras da escola municipal de música e cal é a contía que a maiores do seu prezo inicial está custando o atraso?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que esta é a pregunta á que se referiu antes, e pola que, por deferencia, preferiu agardar.

En canto ao que se está facendo dá xa por contestada a pregunta co que antes dixo. En

canto aos prazos, o que lle indica o aparelador municipal, como responsable técnico dese proxecto, e que aproximadamente nun prazo de 10 días estaría rematado todo o que están facendo. El estivo esta mañá alí e cre que si, que efectivamente o que están xa é repoñendo o que se lles mandou modificar.

En canto ao sobrecusto, efectivamente hai un sobrecusto, porque na nova impermeabilización da cuberta da escola se lles mandou facer e dar unha solución que non era exactamente a que estaba contemplada no proxecto, e pode haber un sobrecusto estimado, segundo lle comenta o aparelador municipal, de 15.396,05 euros. Sería un sobrecusto por unha dobre capa de illamento que se colocou sobre a cuberta para garantir a estanqueidade perfecta desa cuberta.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se esa actuación garantiza que non volvan ter os problemas de humidade que xa houbo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que aí vai haber unha firma de técnicos homologados, e hai unhas garantías por parte das empresas, o mesmo que as operacións de refacer o que estaba mal feito ao concello non lle custou un peso, porque tiveron que facelo porque estaba mal. Se agora algo estivera mal feito terían que volvelo facer, agarda que non ocorra.

En todo caso el cre que nesta ocasión houbo un seguimento bastante minucioso e estivéronse facendo probas de estanqueidade, estivo durante unha semana practicamente convertido nunha piscina, encheuse de auga para comprobar que houbera estanqueidade total na impermeabilización. El cre que se fixeron as probas de calidade suficientes para garantir que, por moito tempo, iso non dea ningún tipo de problemas. En todo caso hai unhas garantías que dan as empresas e que dan os técnicos que certifican as obras. El agarda que si, que desta vez vaia e que nese prazo que lles din de dez días poidan dispoñer da instalación.

2<sup>a</sup> Están en funcionamento os colectores soterrados na praza Manuel Murguía?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que precisamente mañá hai un pleno no Consorcio das Mariñas no que se vai aprobar, por parte do Consorcio, unha addenda ao contrato de recollida de lixo precisamente para incorporar as illas de colectores soterrados que hai non só en Cambre, senón en varios concellos, sobre todo Oleiros e Betanzos que teñen un número deles importante, e que estaban fóra de normativa e sen funcionar.

Di que o do Concello de Cambre está listo e que unha vez que se aprobe ese engadido polo pleno do Consorcio das Mariñas, poñerase en funcionamento.

3<sup>a</sup> Solicitou a concellería correspondente á Xunta de Galicia o repintado dos pasos de peóns da rúa Tapia?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que si está solicitado.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia